



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 31 DE MARZO DO 2022.**

Sesión 05/2022-P

<p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b><u>PRESIDENTE</u></b> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b> Dª María Pilar Taibo Fernández (SM) Dª Rebeca Mourío Neira (SM) Dª Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luísa Rúa Prieto (SM) Dª María Soraya Salorio Porral (PP) Dª María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) (auséntase ás 21:17 h) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotel (PP) Dª María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) Dª Isabel Reimúndez Suárez (BNG) Dª María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p><b><u>NON ASISTEN</u></b> D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) (con escusa) Dª Laura Rodríguez Pena (BNG) (con escusa)</p> <p><b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Jaime Presas Beneyto</p> <p><b><u>SECRETARIA</u></b> Dª María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 31 de marzo do 2022, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación Dª Mª del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnense os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acuerdo coa seguinte orde do día.</p>
--	---

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno ordinario do mes de marzo do 2022 do Concello de Sada, convocado para ter lugar no Salón dos Plenos.

**1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 03 e 04/2022) E CORRECCIÓN DE ERROS DAS ACTAS DAS SESIÓNS NÚMS. 13 E 14/2021.**

A secretaria explica que se detectou que nas actas das sesións 13 e 14/2021, malia xa terse aprobado anteriormente, omitiuise incluír na relación de asistentes á concelleira sra. Reimúndez Suárez, quen si figura nas votacións (e mesmo pódese comprobar que asistiu na gravación audiovisual).



Logo de preguntar o presidente se hai algo que obxectar con respecto deste punto, e non habendo intervencións, sométese a votación, aprobándose por unanimidade dos asistentes a corrección de errores das actas das sesións 13 e 14/2021, engadíndolles na relación de asistentes á concelleira Dª Isabel Reimúndez Suárez, do grupo municipal do BNG; así coma as actas das sesións 03 e 04/2022, ordenando o presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

## **2º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 05/2022, do 24 de marzo, que recolle:

<<*PRIMEIRO.- A aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana cuxo texto é o seguinte:*

### **Artigo 1º.-Acordo de imposición**

O Concello de Sada, de conformidade co establecido no artigo 106.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e no uso das facultades que lle conceden os artigos 15.1 e 59.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, que se esixirá conforme ao disposto no dito texto refundido e na presente ordenanza fiscal.

### **Artigo 2º.-Natureza e feito imponible.**

O Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana é un tributo que grava o incremento de valor que experimentan os ditos terreos e se poñan de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera tributo ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo de dominio, sobre os referidos terreos.

### **Artigo 3º.-Supostos de non suxeición**

Os supostos de non suxeición serán os recollidos no artigo 104 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).

### **Artigo 4º.-Exencións**

Primeiro.-Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos actos descritos no artigo 105 do TRLRFL.

Segundo.-En relación coa exención prevista no artigo 105.1 b) do TRLRFL o disfrute da mesma esixirá:

- Acreditación da declaración individual de interese cultural dos bens obxecto de transmisión ou a súa situación indubidable dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico.
- Acreditación da execución a cargo dos propietarios ou titulares de dereitos reais de obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos ditos inmobles dentro dos tres anos anteriores a que se produza o feito imponible do imposto. O orzamento de execución das obras deberá ser superior ao resultado de aplicar sobre o valor catastral total do inmoble á data de devindicación do imposto, a porcentaxe do 20 %. A realización das obras deberá acreditarse presentando a seguinte documentación:
  - o orzamento de execución e a xustificación do seu desembolso
  - a licencia municipal de obras, declaración responsable ou comunicación previa
  - a carta de pago do ICIO e taxas urbanísticas correspondentes pola realización das obras
  - certificado final de obras

### **Artigo 5º.-Suxelos pasivos**

Serán suxeitos pasivos do imposto a título de contribuínte ou substituto do contribuínte, os terceiros determinados no artigo 106 do TRLRFL.

### **Artigo 6º.-Base imponible**

Aos efectos do presente imposto a determinación da base imponible seguirá as regras previstas no artigo 107 do TRLRFL coas seguintes especialidades:

- Para o cálculo do incremento do valor dos terreos o coeficiente a aplicar sobre o valor dos mesmos no momento da devindicación será o máximo vixente en cada momento resultante de aplicar as previsións contidas no artigo 107.4 do TRLRFL. Todo elo sen prexuízo de que o suxeito pasivo opte por determinar o incremento do valor por diferencia entre os valores nas datas da transmisión e adquisición



- Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral o valor do terreos a efectos de determinación da base imponible será o importe que resulte de aplicar aos novos valores catastrais unha redución do 60 % en cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos mesmos

#### **Artigo 7º.-Tipo de gravame**

O tipo de gravame do imposto será do 20 %

#### **Artigo 8º.-Cota íntegra e cota líquida**

Primeiro.-A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame

Segundo.-A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as bonificacións ás que se refire o apartado seguinte

#### **Artigo 9º.-Bonificacións**

Establécese unha bonificación do 50 % da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisións ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os conxugues e os ascendentes e adoptantes.

#### **Artigo 10º.-Devindicación**

O imposto devindícase de acordo coas regras contidas no artigo 109 do TRLRFL

#### **Artigo 11º.-Xestión tributaria do imposto**

Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar a correspondente declaración, que deberá conter os elementos da relación tributaria imprescindibles para practicar a liquidación procedente.

A xestión do imposto realizarase de acordo co regulado no artigo 110 do TRLRFL

#### **Disposición Final**

O presente articulado substitúe integralmente ao texto vixente, entrando en vigor unha vez publicada a súa aprobación definitiva no BOP da Coruña

*SEGUNDO.- Publicación do acordo de aprobación provisional no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal e nun diario dos de maior difusión na provincial ao obxecto de que durante un prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación no BOP, os interesados/as poidan presentar as reclamacións e/ou suxestións que consideren oportunas*

*TERCEIRO.- Unha vez realizados os informes preceptivos respecto as reclamacións e suxestións presentadas elevarase ao Pleno proposta para a estimación ou desestimación das mesmas, segundo proceda, así como de aprobación definitiva da ordenanza.*

*CUARTO.- En caso de non se presentar reclamacións ou suxestións entenderase aprobada definitivamente a ordenanza.*

*QUINTO.- O acordo de aprobación definitiva, ou no seu caso o provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto da Ordenanza publicarase no BOP>>.*

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de Facenda, Administración local, Administración electrónica, Contratación e Seguridade Cidadá; da sra. Pardo Fafián (PSOE), quen di que o seu grupo non ha votar a favor; da sra. Salorio Porral (PP), quen anuncia que o seu grupo ha votar en contra; e do presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 7 (5 PP e 2 PSOE).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta dos asistentes o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- A aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana cuxo texto é o seguinte:

#### **Artigo 1º.-Acordo de imposición**

*O Concello de Sada, de conformidade co establecido no artigo 106.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e no uso das facultades que lle conceden os artigos 15.1 e 59.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, que se esixirá conforme ao disposto no dito texto refundido e na presente ordenanza fiscal.*



### **Artigo 2º.-Natureza e feito imponible.**

O Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana é un tributo que grava o incremento de valor que experimentan os ditos terreos e se poñan de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera tributo ou da constitución ou transmisión de calquera derecho real de goce, limitativo de dominio, sobre os referidos terreos.

### **Artigo 3º.-Supostos de non suxeición**

Os supostos de non suxeición serán os recollidos no artigo 104 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).

### **Artigo 4º.-Exencións**

Primeiro.-Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos actos descritos no artigo 105 do TRLRFL.

Segundo.-En relación coa exención prevista no artigo 105.1 b) do TRLRFL o desfrute da mesma esixirá:

- Acreditación da declaración individual de interese cultural dos bens obxecto de transmisión ou a súa situación indubidable dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico.
- Acreditación da execución a cargo dos propietarios ou titulares de dereitos reais de obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos ditos inmobilés dentro dos tres anos anteriores a que se produza o feito imponible do imposto. O orzamento de execución das obras deberá ser superior ao resultado de aplicar sobre o valor catastral total do inmoble á data de devindicación do imposto, a porcentaxe do 20 %. A realización das obras deberá acreditarse presentando a seguinte documentación:
  - o orzamento de execución e a xustificación do seu desembolso
  - a licencia municipal de obras, declaración responsable ou comunicación previa
  - a carta de pago do ICIO e taxas urbanísticas correspondentes pola realización das obras
  - certificado final de obras

### **Artigo 5º.-Suxetos pasivos**

Serán suxeitos pasivos do imposto a título de contribuínte ou substituto do contribuínte, os terceiros determinados no artigo 106 do TRLRFL

### **Artigo 6º.-Base imponible**

Aos efectos do presente imposto a determinación da base imponible seguirá as regras previstas no artigo 107 do TRLRFL coas seguintes especialidades:

- Para o cálculo do incremento do valor dos terreos o coeficiente a aplicar sobre o valor dos mesmos no momento da devindicación será o máximo vixente en cada momento resultante de aplicar as previsións contidas no artigo 107.4 do TRLRFL. Todo elo sen prexuízo de que o suxeito pasivo opte por determinar o incremento do valor por diferencia entre os valores nas datas da transmisión e adquisición
- Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral o valor do terreos a efectos de determinación da base imponible será o importe que resulte de aplicar aos novos valores catastrais unha redución do 60 % en cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos mesmos

### **Artigo 7º.-Tipo de gravame**

O tipo de gravame do imposto será do 20 %



### **Artigo 8º.-Cota íntegra e cota líquida**

*Primeiro.-A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame*

*Segundo.-A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as bonificacións ás que se refire o apartado seguinte*

### **Artigo 9º.-Bonificacións**

*Establécese unha bonificación do 50 % da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisións ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os conxugues e os ascendentes e adoptantes.*

### **Artigo 10º.-Devindicación**

*O imposto devindícase de acordo coas regras contidas no artigo 109 do TRLRFL*

### **Artigo 11º.-Xestión tributaria do imposto**

*Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar a correspondente declaración, que deberá conter os elementos da relación tributaria imprescindibles para practicar a liquidación procedente.*

*A xestión do imposto realizarase de acordo co regulado no artigo 110 do TRLRFL*

### **Disposición Final**

*O presente articulado substitúe integralmente ao texto vixente, entrando en vigor unha vez publicada a súa aprobación definitiva no BOP da Coruña*

**SEGUNDO.-** Publicación do acordo de aprobación provisional no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal e nun diario dos de máis difusión na provincia ao obxecto de que durante un prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación no BOP, os interesados/as poidan presentar as reclamacións e/ou suxestións que consideren oportunas.

**TERCEIRO.-** Unha vez realizados os informes preceptivos respecto as reclamacións e suxestións presentadas elevarase ao Pleno proposta para a estimación ou desestimación das mesmas, segundo proceda, así como de aprobación definitiva da ordenanza.

**CUARTO.-** En caso de non se presentar reclamacións ou suxestións entenderase aprobada definitivamente a ordenanza.

**QUINTO.-** O acordo de aprobación definitiva, ou no seu caso o provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto da Ordenanza publicarase no BOP.

## **3º.- COMPATIBILIDADE PARA A ACTIVIDADE PRIVADA DUNHA AUXILIAR DA BIBLIOTECA INTERINA.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 05/2022, do 24 de marzo, que recolle:

<<Primeiro.- Reconñecer a [REDACTED] a compatibilidade no posto de traballo de auxiliar de biblioteca co traballo por conta allea de auxiliar de dependenta en Industrias Valls SL, coas seguintes condicións:

- A actividade exercerase sempre fóra do horario laboral establecido polo concello, que para o posto queda establecido en:

Luns Martes Mércores Xoves Venres Sábados alternos

Mañá de 11 a 14 de 9 a 14 de 10 a 14 de 11 a 14 de 11 a 14 de 10 a 13

Tarde de 16 a 20 de 16 a 18 de 16 a 19 de 6 a 20 de 16 a 20

- A actividade realizarase por conta allea a executar fóra do termo municipal de Sada.



- A actividade realizarase para encargo profesional de persoas/asuntos/entidades coas que non teña vinculación ou relación polo desenrolo do posto de traballo de Sada, de modo que se eviten árees de coincidencia entre os intereses públicos e os privados.
- O recoñecemento da compatibilidade que se outorga queda suxeito ao cumprimento da normativa en vigor en cada momento e ás condicións nas que se concede, debendo comunicarse calquera variación.

Segundo.- Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.

Terceiro.- Notificar o presente Acordo ao interesado, recoñecendo a compatibilidade puntual para a redacción un proxecto básico e o proxecto de execución, solicitada>>.

A secretaria observa que no punto terceiro do ditame hai un erro porque hai que suprimir unha parte que é relativa a outro expediente, debendo entenderse que o dito punto terceiro para a súa proposta de aprobación debe ter a seguinte redacción: “Terceiro.- Notificar o presente Acordo á interesada”.

Debátese o asunto, coas intervencións do sr. Blanco Montero (PSOE); do sr. Tellado Villares (PP), quen manifesta que o seu grupo hase abster.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (5 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Recoñecer a [REDACTED] a compatibilidade no posto de traballo de auxiliar de biblioteca co traballo por conta allea de auxiliar de dependenta en Industrias Valls SL, coas seguintes condicións:

- A actividade exercerase sempre fóra do horario laboral establecido polo concello, que para o posto queda establecido en:

Luns Martes Mércores Xoves Venres Sábados alternos

Mañá de 11 a 14 de 9 a 14 de 10 a 14 de 11 a 14 de 11 a 14 de 10 a 13

Tarde de 16 a 20 de 16 a 18 de 16 a 19 de 6 a 20 de 16 a 20

- A actividade realizarase por conta allea a executar fóra do termo municipal de Sada.

- A actividade realizarase para encargo profesional de persoas/asuntos/entidades coas que non teña vinculación ou relación polo desenrolo do posto de traballo de Sada, de modo que se eviten árees de coincidencia entre os intereses públicos e os privados.

- O recoñecemento da compatibilidade que se outorga queda suxeito ao cumprimento da normativa en vigor en cada momento e ás condicións nas que se concede, debendo comunicarse calquera variación.

Segundo.- Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.

Terceiro.- Notificar o presente Acordo á interesada.

#### **4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.**

##### **A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 21 de febreiro (núm. 213) ata o 25 de marzo do 2022 (núm. 409).**

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 21 de febreiro (núm. 213, do expediente 2022/G003/000215) ata o 25 de marzo do 2022 (núm. 409, do expediente 2022/G003/000425), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

##### **B. Mocións.**





Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2022/G010/000005

## **1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup>, refundidas.- Moción relativa á invasión rusa sobre Ucraína.**

O sr. Blanco Montero (PSOE) xustifica conxuntamente a urxencia de dúas mociones, presentadas respectivamente polos grupos socialista e do partido popular, para de ser o caso debatérense de maneira conxunta porque teñen unha parte dispositiva moi similar.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (5 SM, 5 PP, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, o sr. Blanco Montero dá lectura á moción presentada polo seu grupo:

<<O Grupo Municipal dos Socialistas de Sada de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre a invasión rusa sobre Ucraína.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Concello de Sada condena enerxicamente a agresión de Rusia a Ucraína, rexeitando totalmente a invasión das forzas militares rusas, e expresa a súa solidariedade co Goberno e co pobo ucraíno.*

*Esta agresión supón unha flagrante violación do Dereito Internacional e contra a soberanía e a integridade territorial de terceiros países.*

*O Concello de Sada posiciónase a favor da resolución pacífica de conflitos, apoiando as accións dirixidas a facilitar o diálogo, así como a favor de sancionar o incumprimento do dereito internacional.*

*Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación do Concello de Sada a adoptar os seguintes acordos:  
A Corporación Municipal de Sada,*

1. *Reclama a fin das hostilidades e o retorno á vía da negociación e da diplomacia, reiterando a necesidade de cumplir cos Acordos de Minsk e co dereito internacional.*
2. *Expresa a súa solidariedade con todas as vítimas deste conflito e damos todo o noso apoio ás organizacións que traballan pola defensa e protección dos dereitos humanos.*
3. *Maniféstase ao carón do Goberno de España e da Unión Europea reivindicando a legalidade internacional e o establecemento inmediato da paz, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos que compartimos con Europa.*
4. *Expresa o máis firme compromiso coa defensa dos principio de democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e no de constitución da Unión Europea.*
5. *Mostra o apoio á Unión Europea para que se interpoñan as sancións precisas co fin de que se poña fin o conflito ante estes feitos tan graves que ameazan a paz e as liberdades e dereitos fundamentais dos ciudadáns ucraíños.*
6. *Apoia que se realicen todos os esforzos necesarios para mobilizar recursos a fin de acoller a refuxiados provenientes do conflito de Ucraína>>.*

O sr. García Cotelo (PP), logo dunha breve explicación, dá lectura á exposición de motivos da moción presentada polo seu grupo:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO DEL AYUNTAMIENTO DE SADA PARA CONDENAR LA INVASIÓN DE UCRANIA POR PARTE DE RUSIA Y APOYAR LAS ACCIONES DEL GOBIERNO DE ESPAÑA, EN COLABORACIÓN CON LOS ALIADOS DE LA OTAN Y LA UE, DIRIGIDAS A PONER FIN A ESTA INJUSTIFICADA E ILEGAL INVASIÓN DE UN ESTADO DEMOCRÁTICO Y SOBERANO.

*El Grupo Municipal Popular del Ayuntamiento de Sada, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Moción:*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*El 24 de febrero de 2022 Rusia invadió Ucrania, nación soberana e independiente cuya integridad territorial no es negociable.*

*Rusia ha invadido Ucrania infringiendo todas las normas del derecho internacional y, aunque Vladimir Putin trate de justificar este ataque en inexistentes derechos históricos, este ataque es totalmente injustificado e ilegal.*



*Este ataque, sin embargo, no es sólo un ataque a una nación soberana, hecho que es suficientemente grave en sí mismo, sino que supone una amenaza a la estabilidad y seguridad de Europa, así como al concepto mismo de democracia y al orden internacional basado en reglas.*

*Por eso, este ataque debe ser respondido de la forma más firme y contundente.*

*España es un país comprometido con el derecho internacional, con la carta de Naciones Unidas, que en su artículo 2.4 refiere que la integridad territorial de los estados es inviolable, y con sus socios de la Unión Europea y de la OTAN por ello, el Gobierno de España debe tomar, en el seno de las organizaciones internacionales de las que forma parte, todas las medidas que sean necesarias, incluyendo el apoyo con los recursos materiales – también los de carácter militar- que solicite el gobierno de Ucrania para poder defender la democracia en Ucrania.*

*Mientras estos objetivos se alcanzan, España debe mostrar su solidaridad con todos aquellos ciudadanos ucranianos que han tenido que dejar un hogar huyendo de la guerra.*

*Por lo expuesto, el Grupo Municipal en el Ayuntamiento de Sada, presentamos la siguiente*

#### **PROPIUESTA DE ACUERDO**

**1.- Reclamar el fin de las hostilidades y la vuelta a la vía de negociación y de la diplomacia, reiterando la necesidad de cumplir con los Acuerdos de Minsk y con el derecho internacional.**

**2.- Expresar nuestra solidaridad con todas las víctimas de este conflicto y dar todo nuestro apoyo a las organizaciones que trabajan por la defensa y protección de los derechos humanos.**

**3.- Significarse al lado del Gobierno de España y de la Unión Europea reivindicando la legalidad internacional y el restablecimiento inmediato de la paz, teniendo como guía en esta crisis los principios y valores democráticos que compartimos con Europa**

**4.- Expresar nuestro más firme compromiso con la defensa de los principios de la democracia, el estado de derecho y la protección de los derechos fundamentales contemplados en el Preámbulo del Tratado de constitución de la Alianza del Atlántico Norte y en el de constitución de la Unión Europea.**

**5.- Mostrar el apoyo a la Unión Europea para que se interpongan las sanciones precisas con el fin de que e ponga fin al conflicto ante estos hechos tan graves que amenazan la paz y las libertades y derechos fundamentales de los ciudadanos ucranianos.**

**6.- Y finalmente también apoyar que se realicen todos los esfuerzos necesarios para movilizar recursos a fin de acoger a los refugiados provenientes del conflicto de Ucrania>>.**

Debátese sobre o refundido destas mociones, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV); da sra. Reimúndez Suárez (BNG), quen indica que o seu grupo podería votar a favor se se retiran as mencións referidas á OTAN; do presidente, sr. Portela Fenández (SM), quen explica que o seu grupo tamén podería votar a favor se se suprinen do punto 4 as mencións á OTAN; do sr. Blanco Montero (PSOE), quen propón como podería quedar finalmente o texto a votar; e do sr. García Cotelo (PP), quen defende a posición do seu grupo mais tamén expresa que han ceder por acadar un acordo unánime.

Logo do debate, o sr. Blanco Montero dá lectura a como quedaría redactado o punto 4:

*<<4. Expresa o máis firme compromiso coa defensa dos principios de democracia, o estado de derecho e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Tratado de constitución da Unión Europea>>.*

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (5 SM, 5 PP, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO:**

A Corporación Municipal de Sada,

1. Reclama a fin das hostilidades e o retorno á vía da negociación e da diplomacia, reiterando a necesidade de cumplir cos Acordos de Minsk e co derecho internacional.

2. Expresa a súa solidariedade con todas a víctimas deste conflito e damos todo o noso apoio ás organizacións que traballan pola defensa e protección dos dereitos humanos.



3. Maniféstase ao carón do Goberno de España e da Unión Europea reivindicando a legalidade internacional e o restablecemento inmediato da paz, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos que compartimos con Europa.
4. Expresa o máis firme compromiso coa defensa dos principios de democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Tratado de constitución da Unión Europea.
5. Mostra o apoio á Unión Europea para que se interpoñan as sancións precisas co fin de que se poña fin o conflito ante estes feitos tan graves que ameazan a paz e as liberdades e dereitos fundamentais dos ciudadáns ucraíños.
6. Apoia que se realicen todos os esforzos necesarios para mobilizar recursos a fin de acoller a refuxiados provenientes do conflito de Ucraína.

**3ª.- Moción relativa á volta á súa natureza e recuperación do leito fluvial do río Maior e eliminación da cobertura actual do río deixándoo a ceo aberto entre a rúa de Bergondo e a avenida de Isaac Díaz Pardo.**

O sr. García Cotelo xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo Partido Popular (PP).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (5 SM, 5 PP, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, dá lectura á moción:

<<MOCIÓN PARA LA RENATURALIZACIÓN Y RECUPERACIÓN DEL CAUCE FLUVIAL DEL RÍO MAYOR Y ELIMINACIÓN DE LA COBERTURA ACTUAL DEL RÍO DEJÁNDOLO A CIELO ABIERTO ENTRE LA CALLE BERGONDO Y LA AVDA. ISAAC DIAZ PARDO.

*Con motivo de minorar el riesgo de inundación en Sada, durante el pleno celebrado el pasado 24 de febrero, los grupos políticos municipales mostramos nuestra disposición unánime para la renaturalización y recuperación del cauce fluvial del río Mayor y la eliminación de la cobertura actual del río dejándolo a cielo abierto.*

*Considerando que el convenio suscrito con Aguas de Galicia, conlleva únicamente la ejecución del proyecto constructivo y la obra del tramo comprendido entre la avenida da Mariña y la calle Bergondo (tramo de los ovoides), resulta que queda fuera de los objetivos citados el tramo cubierto del río Mayor comprendido entre el punto anterior y la avenida Isaac Diaz Pardo.*

*Por todo ello, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno el siguiente*

**ACUERDO**

*Primero.- Con motivo de minorar el riesgo de inundación en Sada, iniciar el expediente para la eliminación de la cobertura actual del río Mayor entre la calle Bergondo y la avenida Isaac Díaz Pardo, así como su renaturalización y recuperación del cauce fluvial del río, liberando el dominio público hidráulico y sus zonas de servidumbre.*

*Segundo.- Redactar los estudios y proyectos precisos para buscar la financiación necesaria.*

*Tercero.- Facultar al alcalde a realizar las gestiones necesarias con las demás administraciones implicadas>>.*

Debátese a moción, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV); da sra. Reimúndez Suárez (BNG), quen anuncia que o seu grupo ha votar en contra; do sr. Blanco Montero (PSOE) e do presidente, sr. Portela Fernández (SM), quen logo dunha ampla exposición remata dicindo que están de acordo coa moción pero que isto é reiterar o xa aprobado o mes pasado (no punto 4º da sesión ordinaria do pasado 24 febreiro); do sr. García Cotelo (PP), que fai precisións relativas ao ámbito de actuación de Augas de Galicia acordado na dita sesión ordinaria anterior, e mesmo chegando a propor emendar a moción, para consultar para os efectos; novamente da sra. Nogareda; do sr. Blanco; do presidente; do sr. García, que propón unha nova redacción, poñendo un punto 1 para consultar e un punto 2 para o caso de que a resposta á consulta sexa negativa facer o que se indica na moción; da sra. Nogareda; e do presidente, sr. Portela.

A continuación, procédese á votación da moción emendada polo propio grupo municipal do PP, obténdose o



---

seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP).
- Votos en contra: 1 (BNG).
- Abstencións: 5 (SM).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Solicitar a Augas de Galicia que aclare se no proxecto de recuperación do leito fluvial do río Maior e eliminación da cobertura actual inclúese a eliminación da cobertura entre a rúa Bergondo e a avenida de Isaac Díaz Pardo, así como á volta á súa natureza e recuperación do leito fluvial do río, liberando o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume.

Segundo.- En caso de que non estea incluído no ámbito de actuación o dito tramo, con motivo de minorar o risco de asolagamento en Sada:

- Iniciar o expediente para a eliminación da cobertura actual do río Maior entre a rúa Bergondo e a avenida de Isaac Díaz Pardo, así como á volta á súa natureza e recuperación do leito fluvial do río, liberando o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume.
- Redactar os estudos e proxectos precisos para procurar o financiamento necesario.

Terceiro.- Facultar ao alcalde a realizar as xestións necesarias coas demais administracións implicadas.

#### **4ª.- Moción relativa a instar ao Goberno Español a reconsiderar o seu cambio de postura sobre o Sahara Occidental.**

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) xustifica a urxencia da moción, presentada polos grupos do Goberno: Sadamaioría (SM), Bloque Nacionalista Galego (BNG) e Alternativa dos Veciños (AV).

Deseguido procédere á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (5 SM, 5 PP, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Reimúndez Suárez dá lectura á moción:

*<<D. Xosé Fernando Fariña Andrade voceiro do Grupo Municipal Sadamaioría, Isabel Reimundez Suárez voceira do Grupo Municipal BNG Sada e María Nogareda Marzoa voceira do Grupo Municipal de Alternativa dos veciños presentan a seguinte Moción:*

*Proposta de acordo instando ao Goberno Español a reconsiderar o seu cambio de postura sobre o Sáhara Occidental*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Despois de avalar durante décadas o referendo de autodeterminación no Sáhara Occidental como vía para dirimir as reclamacións de Marrocos sobre este territorio, o Goberno Español vén de oficializar un cambio de postura que avoga por converter a República Árabe Saharaui Democrática (RASD) -reconecida por máis de 80 países- nunha rexión autónoma do reino alauita, pregándose así ás súas demandas e obviando a solución auspiciada por Nacións Unidas.*

*O Estado Español ten unha responsabilidade ineludible co pobo saharauí tras un péssimo proceso de descolonización que a partir de 1975 facilitou a ocupación do territorio por parte de Marrocos e obrigou á poboación local a fuxir cara Alxeria, onde hoxe máis de 170.000 persoas subsisten como refuxiadas grazas á axuda humanitaria nos campamentos de Tindouf, no canto de vivir dos recursos naturais que tiñan nas súas terras. Mentre tanto, o 80% da que fora a provincia número 53 do Estado Español segue invadido por Marrocos, separado por un muro de máis de 2.700 das zonas liberadas pola Frente Polisario, muro no que desde novembro de 2020 continúa o confrontamento armado. Nos territorios ocupados, a violación dos dereitos humanos é continua, tal e como denuncian organizacións especializadas pese ao “apagón informativo” que impide acceder e reportar con liberdade estes lugares.*

*Ante esta situación, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade denuncia que os intereses económicos e xeopolíticos non poden estar por enriba do compromiso adquirido co pobo saharauí, ao que o Estado Español non pode abandonar, unha vez máis, á súa sorte. Especialmente, tendo en conta o movemento solidario e a vontade expresada pola sociedade civil en Galicia e noutras comunidades autónomas, que empatizan cunha poboación que ten o castelán como segundo idioma, entre outros moitos nexos de unión.*



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2022/G010/000005

*Por todo o exposto, o Concello de Sada ACORDA:*

1. Amosar o seu respaldo ao Goberno da RASD e ao pobo saharauí, na defensa dunha saída dialogada ao conflito que supoña a posta en práctica do Plan de Arranxo subscrito en 1991 con mediación da ONU e da Organización para a Unidade Africana.
2. Instar ao Goberno Español a dar marcha atrás no seu recente cambio de postura e avalar o referendo de autodeterminación acordado por ambas as dúas partes, deixando de lado a pasividade no proceso para dar paso a unha apostia decidida por esta solución.
3. Reclamar o cesamento inmediato da violencia e da vulneración dos dereitos humanos que se produce nas zonas ocupadas, instando ás institucións internacionais a que adopten medidas fronte a impunidade coa que Marrocos continúa actuando no Sáhara Occidental.
4. Dar traslado deste acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que a súa vez o fará chegar a Delegación Saharaui en Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do Goberno de España>>.

Debátese a moción, coas intervencións do sr. Blanco Montero (PSOE), quen logo dunha explicación anuncia que o seu grupo hase abster; da sra. Salorio Porral (PP), quen presenta por parte do seu grupo a seguinte emenda:

**<<ENMIENDA PP MOCIÓN SOBRESÁHARA OCCIDENTAL**

- Instar al Gobierno Español a impulsar el respeto al derecho y a la legalidad internacional y a promover una solución política, realista, viable, duradera y aceptable para todas las partes, dialogada y acordada en el marco de las NNUU.
- Manifestar nuestro pleno apoyo a los esfuerzos del Secretario General de NNUU y su Enviado Personal por facilitar el proceso de negociaciones a fin de alcanzar una solución a la cuestión del Sáhara Occidental.
- Exigir al Presidente del Gobierno de España que de una explicación amplia, completa y exhaustiva de las razones que le han impulsado a cambiar la política tradicional española con respecto al Sáhara Occidental.
- Urgimos al Gobierno de España a recuperar las plenas relaciones diplomáticas con Argelia, especialmente que se garantice la seguridad en el suministro energético que procede de dicho país.
- Instamos a fortalecer la cooperación y ayuda humanitaria al pueblo saharauí, que se ha visto afectada como consecuencia de las restricciones debidas a la pandemia>>.

Continúa o debate coas intervencións da sra. Reimúndez Suárez (BNG), quen di que o seu grupo non ha aceptar esta emenda; do sr Blanco Montero, que indica que o seu grupo ha votar en contra da emenda do grupo do PP e absterse para o caso da moción presentada polos grupos do Goberno.

A continuación, procédese á votación da emenda presentada polo grupo municipal do partido popular, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (PP).
- Votos en contra: 10 (5 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Abstencions: Non se produciron.

Resultando rexeitada por maioría absoluta.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (PP).
- Abstencions: 2 (PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta dos presentes o seguinte **ACORDO:**

- 1.- Amosar o seu respaldo ao Goberno da RASD e ao pobo saharauí, na defensa dunha saída dialogada ao conflito que supoña a posta en práctica do Plan de Arranxo subscrito en 1991 con mediación da ONU e da Organización para a Unidade Africana.
- 2.- Instar ao Goberno Español e dar marcha atrás no seu recente cambio de postura e avalar o referendo de autodeterminación acordado por ambas as dúas partes, deixando de lado a pasividade no proceso para dar paso a unha apostia decidida por esta solución.



3.- Reclamar o cesamento inmediato da violencia e da vulneración dos dereitos humanos que se produce nas zonas ocupadas, instando ás institucións internacionais a que adopten medidas fronte á impunidade coa que Marrocos continúa actuando no Sahara Occidental.

4.- Dar traslado deste acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que á súa vez o fará chegar á Delegación Saharaúi en Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do Goberno de España.

(Neste momento semella que se ausenta o sr. Tellado Villares (PP), sendo as 21:17 h).

**5ª.- Moción relativa á candidatura de Luísa Villalta como figura a quen lle adicar o Día das Letras Galegas.**

A sra. Rúa Prieto (SM), concelleira delegada de Medio Ambiente e Normalización Lingüística, xustifica a urxencia da moción, presentada polos grupos do Goberno: Sadamaioría (SM), Bloque Nacionalista Galego (BNG) e Alternativa dos Veciños (AV).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (5 SM, 4 PP, 1 BNG, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Rodríguez Pena dá lectura á moción:

<<D. Xosé Fernando Fariña Andrade voceiro do grupo municipal de Sadamaioría, Isabel Reimúndez Suárez voceira do grupo municipal do BNG e María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal de Alternativa dos Veciños, ao abeiro do art. 64.1 do ROM presentan a seguinte

**MOCIÓN DE APOIO Á CANDIDATURA DE LUISA VILLALTA COMO FIGURA A QUEN LLE ADICAR O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2023**

Luisa Villalta nada na Coruña o 15 de xullo de 1957 e finada na mesma cidade o 6 de marzo de 2004 é unha das autoras imprescindibles da literatura galega do último cuarto do século XX.

A pesar de abandonarnos moi nova, Luisa Villalta, deixou unha forte pegada na cultura galega abordando con éxito distintas facetas intelectuais como a música, a docencia, a literatura, etc; sendo preciso destacar tamén o seu traballo nos eidos do feminismo e o do activismo social, defendendo sempre causas nobres e xustas como xeito de mellorar a nosa sociedade.

Sada tivo a sorte de tela de profesora no Instituto Isaac Díaz Pardo pasando, deste xeito, a formar parte da nosa historia. Durante a súa permanencia en Sada, levaou a cabo de maneira continua e incansable, innumerables proxectos culturais como o de poñer en marcha a biblioteca do IES Isaac Díaz Pardo?, formar o grupo de teatro co alumnado, organizar clubs de lectura, recitais de poesía....

Luisa entendía que en todas as ordes da vida hai que comezar por comprometerse e, neste sentido, como intelectual preocupada polo devir da literatura en xeral e da cultura galega en particular, participou nas actividades de AELG en calidade de, directiva, coordinadora da “Área de revisión histórica e análise crítica da cultura” no Foro da Cultura Galega para alén impartir seminarios, conferencias e publicar numerosos artigos en revistas periódicas tanto de ámbito galego como foráneo.

A súa esencia persoal e creativa fusionaba de maneira natural os mundos da música e da poesía e, como mostra dista dimensión da súa personalidade, cabe lembrar que o seu primeiro poemario levou o título de *Música Reservada*(1991). Porén a súa actividade literaria foi mais alá da poesía, e amais da súa producción poética, Luisa publicou tres textos narrativos e catro pezas teatrais, asemade de traducir varias obras dramáticas do italiano. Tamén se ten revelado como asidua analista e intérprete da literatura nos libros ensaísticos.

Desde o momento da súa morte sucedérонse iniciativas que lembran o seu nome e o seu labor e, neste sentido, son feitos destacables o certame literario Luisa Villalta organizado polo IES Isaac Diaz Pardo de Sada desde o 2004 , o Premio “Luisa Villalta” destinado a iniciativas normalizadoras no contexto da comunidade universitaria ou todos aqueles proxectos lembrando e recoñecendo a súa vida e obra levados a cabo desde o tecido asociativo, en especial polas asociacións culturais Irmáns Suárez Picallo e Alexandre Bóveda, asociacións que xa con anterioridade puxeron de manifesto que as Letras Galegas tiñan un compromiso irrenunciable e innegable coa figura de Luisa Villalta.

Neste sentido, e abundando máis na dimensión e o alcance da figura de Luisa Villalta, é preciso destacar que neste mesmo mes a plataforma de crítica literaria A Segá ven de anunciar que Luisa Villalta será a homenaxeada o vindeiro 15 de Agosto, data en que dita plataforma celebra o Día das Galegas nas Letras.



Dende o Concello de Sada somos conscientes de que hai moitas figuras que merecen a homenaxe do Día das Letras Galegas mais tamén consideramos que non se pode adiar máis no tempo a homenaxe merecida e necesaria a unha muller que amais de engrandecer a cultura galega estivo sempre do lado das causas xustas procurando unha sociedade na que todas teñamos cabida e recibamos o respecto e a dignidade que toda persoa merece.

Por todo o exposto, dende o goberno municipal, sométese a votación, para a súa aprobación, a seguinte proposta de acordo:

1.- Solicitar da Real Academia Galega que o vindeiro Día das Letras Galegas, a celebrar o 17 de maio de 2023, sexa adicado á figura de Luisa Villalta.

2.- Facultar ao Alcalde para realizar todos os trámites precisos para a execución e debido cumprimento do presente acordo>>.

Debátense a moción, coas intervencións da sra. Reimúndez Suárez (BNG), do sr. Blanco Montero (PSOE), da sra. García Freire (PP) e do presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (5 SM, 4 PP, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

1.- Solicitar da Real Academia Galega que o vindeiro Día das Letras Galegas, a celebrar o 17 de maio de 2023, sexa adicado á figura de Luís Villalta.

2.- Facultar ao Alcalde para realizar todos os trámites precisos para a execución e o debido cumprimento do presente acordo.

### C. Rogos e preguntas.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) fai os seguintes rogos:

1º) Efectúa un rogo sobre un problema urgente ocasionado co sistema de saneamento que están a sufrir os veciños da urbanización Riobao 62B, onde segundo lle transmitiu un deles hai unha licenza de primeira ocupación a pesares de que faltaban axustes na obra de saneamento para a súa recepción polo concello, polo que no 2008 se lle denegou o promotor a devolución dun aval de 60.000 para as obras de urbanización, aval que se tería executado e se estaría a realizar unha memoria valorada para as obras de urbanización pendentes: información das actuacións levadas a cabo; situación real actual do sistema de sumidoiros; que se lles dea contestación aos veciños, reparando as deficiencias para as que se executou o aval e se tramite a recepción da obra por parte do concello.

2º) Roga a posta a disposición no prazo máis breve posible de distinta documentación o pleno da Corporación: a ficha descriptiva da RPT do 2006 co código 020007, onde se indican as funcións a desenvolver polos auxiliares da Policía Local; a consulta realizada en setembro do 2010 polo concelleiro delegado da Policía Local, sr. Babío Urquidi, á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior sobre a posibilidade de integración no corpo da Policía Local do único auxiliar que presta servizos como funcionario no concello; a resposta da Dirección Xeral, na que se indica que se cumplen os requisitos esixidos; o informe favorable á integración de agosto do 2012 do secretario acetal.; e o anuncio publicado no BOP núm. 169 do 05 de setembro do 2012 das bases específicas para a integración. E todo co obxecto de poder explorar unha vía para solucionar unha situación irregular que se vén a manter polo concello.

3º) Roga a posta a disposición de máis documentación: o recurso administrativo do 03/10/2012, interpuesto por Anova contra a resolución da aprobación das bases específicas para a integración por entender que se baseaban nunha norma legal non aplicable para os efectos; o escrito do alcalde, sr. Portela Fernández, do 2016 dirixido á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, polo que solicitaba a conformidade para a integración do auxiliar; a resposta da Dirección Xeral do 15 de xaneiro do 2016, na que reitera que corresponde ao concello determinar se



se cumpren ou non os requisitos; o escrito do 02 de marzo do 2016, da Dirección Xeral, no que se explica a equiparación cos vixiantes municipais e que a situación do auxiliar é irregular e que de non ser posible a súa integración se lle deberá asignar outro posto de carácter non policial. E todo para deixar patente a diferencia de criterios do alcalde, obviando diferentes comunicacións oficiais.

4º) Roga que se poña a disposición da Corporación máis documentación: a do expediente tramitado polo concello por mor da demanda presentada contra a resolución do 18 de maio do 2016, pola que se desestima a solicitude do auxiliar de integración no corpo da Policía Local (nomeadamente, a solicitude do auxiliar e o fallo da sentenza firme do 02/12/2016, do PA 214/2016). O obxecto deste rogo é poder aclarar que este tema estivo máis non está xa xudicalizado.

5º) Roga que se dea cumprimento á sentenza e ás indicacións da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e se remate coa situación irregular do auxiliar, e que de non ser posible a súa integración no corpo se lle asigne un posto de traballo de carácter non policial; ou de persistir na situación actual, que quede na situación de *a extinguir*, no seu posto actual pero coas limitacións correspondentes de uniformidade, funcións e uso de armas de fogo e de elementos para a defensa.

6º) Que se lle dea cumprimento ao estipulado no artigo 65.3 do ROM, dándose contestación ás preguntas formuladas na sesión anterior; e concretamente fai referencia á pregunta que di que non lle contestou a sra. Taibo Fernández (3ª da sesión ordinaria anterior), sobre “*Se continua o auxiliar da Policía Local facendo funcións que non lle son propias, de policía local, e co uniforme de policía local, ou se está xa a facer funcións de auxiliar e coa indumentaria de auxiliar*”.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) pregunta con relación á pregunta 3ª da sesión ordinaria do 24 de febreiro pasado, que di que non se lle contestou, se continua o auxiliar da Policía Local facendo funcións que non lle son propias e portando uniformidade de axente de policía.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) formula ademais estas outras preguntas:

1ª) Pregunta se se iniciaron os expedientes para reclamar as responsabilidades no expedientes de concesión de licenzas dos edificios de Sada y sus Contornos e do Fiunchedo, logo de ter dito a secretaria nunha sesión da comisión informativa que si se podían abrir, e indica tamén que ten entendido que o xulgado xa pediu as garantías o concello.

2ª) Pregunta se se iniciou ou de ser o caso impulsou o expediente de corrección de errores do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

3ª) Pregunta se se abriu algún expediente informativo polos feitos que cualifica de especial gravidade acontecidos o pasado día 30 de decembro nas dependencias policiais, como di que o anunciou o alcalde na xunta de voceiros do 17 de xaneiro seguinte e tamén llo requiren membros do propio goberno local.

4ª) Pregúntalle á sra. Rúa se ten coñecemento da existencia doutro recheo nunha parcela de uso agrario duns 11.600 metros cadrados que identifica do lugar de Lácere (Mondego), e de ser o caso se se vai dar conta ao SEPRONA.

5ª) Pregunta pola licitación do servizo de avogados e procuradores, do que veñen falando en diferentes sesións por mor dos recoñecementos extrajudiciais para fazer fronte ás facturas que di desmesuradas e reparadas pola intervención municipal para o pagamento de informes *ad hoc* que entende que son innecesarios e mesmo moitas veces contrarios aos emitidos polos técnicos municipais, funcionarios de careira e mesmo habilitados nacionais; en definitiva cal é o interese en que se continúen a pagar facturas a un avogado sen se licitar o servizo.

6ª) Pregunta se o amanío das fochancas da estrada de Sada y sus Contornos correu a cargo de fondos propios ou da empresa adjudicataria da obra levada a cabo meses atrás, indicando ademais que non se trata dunha reposición do firme, senón dun amanío non rematado que deixa ainda un grande perigo para os vehículos e os



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2022/G010/000005

---

peóns, unha porcentaxe elevada deles cativos alumnos do CEIP Sada y sus Contornos.

O sr. García Pazos (PP) pregunta como concelleiro por un asunto que entende que lles afecta a todos os tractoristas que se dedican ás rozas, baleiro de foxas, etc; en concreto pregunta se existe algunha ordenanza municipal que regule este tipo de servizos, por se puidese concorrer unha posible causa de competencia desleal, describindo un exemplo persoal relacionado co uso permitido da depuradora para os efectos.

Deseguido, o sr. García Pazos tamén roga que se lle dea contestación á súa solicitude de abril (2021), reiterada en agosto, de autorización para poder fazer uso do servizo da depuradora para a descarga da cisterna en horario completo todos os días do ano, como noutros concellos, como así di que o necesitan e llelo solicitan os veciños, afirmando que agora só poden facelo os contratados polo concello.

O sr. García Cotelo (PP) fai dúas preguntas:

1<sup>a)</sup>) Logo de dicir que xa se ten aclarado que foi iniciado o expediente de modificación puntual do PXOM acordado na sesión anterior, a pregunta da sra. Pardo, pregunta por que non se trouxo a esta sesión a dita modificación puntual e se deixou perder outro mes.

2<sup>a)</sup>) Pregunta se xa hai unha data prevista para levar a cabo o simulacro para validar o estudo de tráfico que amosara o alcalde, segundo o aprobado na sesión plenaria anterior.

O sr. García Cotelo roga a continuación que se fixe unha data xa para realizar o simulacro acordado por toda a Corporación neste mes próximo.

A sra. Salorio Porral (PP) pregunta ao alcalde se demandante da convocatoria das prazas do 2007 ten pensado alegar á execución parcial da sentenza e á estabilización das prazas tal e como se aprobou na sesión do 24 de febreiro, posto que di que en fin é o seu asesor externo e quen tamén creen que foi quen lle suxeriu o cambio do acordo que se aprobou no pleno extraordinario do 17 de marzo.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 55 minutos do día xoves 31 de marzo do 2022, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa.html.](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa.html)